



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00306

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DE FERROL CENTRO HISTÓRICO E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA, FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (PRTR)_PSTD CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA (E4-A4.1), EXPEDIENTE PCO.001.2024.00306

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, adaptado ao Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR), aprobado polo Pleno da Corporación na sesión de data 24 de novembro de 2023, e aprobar o prego de prescricións técnicas dos seguintes servizos:

CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DE FERROL CENTRO HISTÓRICO E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA, FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (PRTR) _PSTD CENTRO HISTÓRICO DE FERROL Y PATRIMONIO MILITAR DE LA COSTA ÁRTABRA (E4-A4.1)

COMPOÑENTE: 14 – Plan de modernización e competitividade do sector turístico

INVERSIÓN: 1 – Transformación do modelo turístico cara a sostibilidade

PROXECTO: Submedida 2: Programa de Plans de Sostibilidade Turística en Destinos

Código de proxecto: 2024.3.81990.5

Eixo 4: Competitividade

Actuación 4.1: Asistencia técnica PSTD

Codificación: E4-A4.1

nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: Dende a data de formalización do contrato en documento administrativo ata o 30 de abril de 2026.

1.3. Orzamento máximo:

A) Orzamento sen IVE:	98.882,99 €
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%:	20.765,43 €
C) Orzamento IVE incluído (A+B):	119.648,42 €

1.4. Valor estimado: 98.882,99 €

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4329/650

O contrato finánciase con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU (PRTR) de acordo co establecido no seguinte convenio de colaboración:

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CENTRO HISTÓRICO DE FERROL E PATRIMONIO MILITAR DA COSTA ÁRTABRA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

2.- Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.